



***Circular 4/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións relativas á organización das fases de centro docente e autonómica do XI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2010.***

A Resolución de 21 xuño de 2010, da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a fase nacional do XI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2010 (BOE do 30 de xuño), determina os elementos básicos polos que se rexerá o citado concurso.

Os centros docentes e as Administracións Educativas das diferentes Comunidades Autónomas colaborarán na selección do alumnado participante na fase nacional do concurso.

De acordo co apartado segundo da norma poderá participar no concurso o alumnado de centros docentes matriculados durante o curso 2010/2011 no segundo curso de bacharelato.

En consecuencia, en virtude do establecido no apartado cuarto da citada Resolución, esta dirección xeral

DISPÓN:

**Primeiro.-**

Convócase a fase autonómica do XI Concurso Hispanoamericano de Ortografía, na que poderá participar o alumnado de centros docentes que no curso 2010/2011 estea a cursar 2º curso de bacharelato en centros educativos de Galicia, tanto de titularidade pública como privada.

**Segundo.-**

Os centros que desexen participar deberán seleccionar un/unha alumno/a, de acordo coas instrucións que figuran no apartado cuarto.2 da Resolución.



Antes do 9 de outubro de 2010 deberase inscribir ao gañador ou gañadora para participar na fase autonómica, cumprimentando o modelo de inscrición do anexo I, que se enviará á Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Así mesmo, dentro dese prazo e co propósito de facilitar a organización desta fase, os centros comunicarán ao enderezo electrónico [sacse@edu.xunta.es](mailto:sacse@edu.xunta.es) os datos do alumno/a seleccionado (código e nome do centro, concello, nome, apelidos e NIF do/a participante).

### **Terceiro.-**

De acordo co apartado cuarto.3 da Resolución constituirase un xurado que estará formado polos seguintes membros:

- Presidenta:
  - ✓ A subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, ou persoa na que delegue,
- Vogais:
  - ✓ A xefa de servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
  - ✓ Ata dous catedráticos/as, profesores/as ou inspectores/as das especialidades de lingua e literatura ou latín, que serán designados por esta dirección xeral. Un/unha deles/as actuará como secretario/a.

### **Cuarto.-**

O alumnado inscrito na fase autonómica presentarse ás 17 horas do 14 de outubro de 2010, no IES de Sar, Curros Enríquez s/n, de Santiago de Compostela (A Coruña), para a realización das probas de selección.

### **Quinto.-**

1. O Xurado propondrá aos aspirantes series de palabras con nivel progresivo de dificultade, que terán carácter eliminatorio.



Dirección Xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

2. No inicio das probas o xurado fará público os criterios para levar a cabo o proceso de eliminación así como de resolución dos posibles empates.
3. O xurado seleccionará como gañador/a da fase autonómica ao alumno/a que supere o maior número de series.

#### **Sexto.-**

1. O xurado fará público a acta co nome do alumnado seleccionado para a fase nacional do concurso a través do portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>. Así mesmo, o secretario do xurado deberá remitir a correspondente notificación ao/á gañador/a.
2. O orixinal quedará arquivado na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **Sétimo.-**

As/os clasificadas/os nos dous primeiros lugares desta fase autonómica recibirán un agasallo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### **Oitavo.-**

O/a gañador/a da fase autonómica, acompañado por un profesor ou profesora do seu centro, participará como representante de Galicia na fase nacional, que se celebrará no lugar e data que sinala o Ministerio de Educación.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2010.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

José Luis Mira Lema

XEFAS/ES TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.  
XEFAS/ES DOS SERVIZOS TERRITORIAIS DE INSPECCIÓN EDUCATIVA.  
DIRECTORAS/ES DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS.  
DIRECTORAS/ES DOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS NOS QUE SE IMPARTE BACHARELATO.  
XEFAS/ES DE DEPARTAMENTOS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.



## **ANEXO I**

### **XI CONCURSO HISPANOAMERICANO DE ORTOGRAFÍA** **INSCRIPCIÓN DO CENTRO NA FASE AUTONÓMICA**

D/dona. ...., director/a do centro:

Denominación ..... Código .....

Enderezo .....

Localidade ..... CP ..... Provincia .....

Manifesto a nosa vontade de participar no XI Concurso Hispanoamericano de Ortografía, de acordo co establecido na Resolución, de 21 de xuño de 2010, da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional.

Datos da/o alumna/o representante do centro:

Apelidos .....

Nome ..... NIF .....

Domicilio .....

Localidade .....

Provincia ..... CP ..... Teléfono .....

Enderezo electrónico .....

....., a ..... de ..... de 2010

(Sinatura e selo do centro)

**Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
 (Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, Edif. Adm.  
 San Caetano s/n, bloque 2, 1º andar, 15781 – Santiago de Compostela)